

Actividades extraescolares para o curso 2017/2018

Pack CIENCIA



Descubre o porque das cousas

Dende os comezos da nosa historia a curiosidade sempre foi o motor que permitiu o avance da humanidade. O máis claro exemplo desta capacidade humana é a ciencia, nas últimas décadas producimos máis coñecemento científico que nos últimos centos de anos. Entender este coñecemento é decisivo para o noso futuro.

É por iso que, hoxe en día, o coñecemento científico nos fai libres, pero para chegar á súa comprensión é necesario profundizar nos conceptos ós que normalmente non se lle adica o tempo suficiente.

A única forma de entender unha explicación na súa totalidade é experimentar de forma material o aprendido e buscar unha aplicación práctica ó noso novo coñecemento. Sendo isto un aspecto máis da investigación e non o seu fin.

É por iso, que dende VermisLAB presentamos unha actividade que permitirá ós nosos alumn@s achegarse á ciencia de forma divertida, aprendendo a metodoloxía investigadora e aplicándoa nos diferentes eidos da ciencia.



Competencias desenvoltas:

Traballaranse as oito competencias básicas definidas pola Unión Europea: competencia matemática, competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico, tratamento da información e competencia dixital, competencia social e cidadá, competencia cultural e artística, competencia para aprender a aprender, autonomía e iniciativa persoal e competencia na comunicación lingüística.

Horarios e prezos

- A actividade consistirá en 2h semanais de outubro a xuño (1 h. presencial + 1 h. contidos online)
- Desenvolverase en horario de tarde (consultar calendario na web)
- Poderán participar alumn@s a partir dos 6 anos.
- Traballarase en grupos reducidos por idades e dun máximo de 10 alumnos.

Programa da actividade

1º Trimestre:

- Pensamento científico
- Como funciona a nosa contorna?
- Máis aló dos átomos
- Entendendo a materia

2º Trimestre:

- A fiestra matemática
- O Mundo microscópico
- O Mundo macroscópico

3º Trimestre:

- Unha viaxe a través do noso corpo
- Resolución de problemas reais – Aplicación do coñecemento matemático para resolver diferentes tipos de problemáticas
- Un universo de física – Astrofísica para explicar aquilo máis aló do noso planeta

Proxecto fin de curso

Ó final do curso @s alumn@s realizarán un proxecto con todo o aprendido e presentaranos nun evento no mes de xuño.

Os proxectos cun maior grao de innovación poderán ser presentados a concursos a nivel internacional.

Para máis información sobre prezos e horarios pode escribirnos ó vermislAB máis próximo á súa localidade:

lab@vermislAB.com (Santiago de Compostela)

madrid@vermislAB.com (Pozuelo)